


viarum dezae


Camiños de Deza número 3



CAMIÑO A
da GeiraSANTIAGO
e dos arrieiros

O Camiño do viño

Santiago



17

Pontevea

25

Codeseda



32

Beariz

26

Berán

24

Cortegada

30

Castro Laboreiro

20

Lobios

22

Campo do Gerês

26

Caldelas

17

Braga

CAMINHO DA GEIRA
E DOS ARRIEIROS

239 KM

BRAGA / SANTIAGO DE COMPOSTELA





O Camiño do viño

O Camiño a Santiago da Geira e dos Arrieiros foi o reto que nos marcamos para peregrinar a Compostela no ano 2023. Foron dez etapas dende Braga a Santiago que suman 239 quilómetros en total.

Esta vía de peregrinación pareceunos interesante, ten

unha base histórica e hai colectivos que están a traballar para a súa consolidación.

Moitísimas grazas a todas as persoas que participastes nalgunha ou en varias etapas, e tamén a todas as persoas e institucións que apoiastes este proxecto. Roteiros de Lalín, camiña con nós.



Miliarios, termalismo, as viñas e os viños, paisaxe. Terras esgreivas do Xurés. Cruzamos os ríos Lima, Home, Arnoia, Miño, Avia, Lérez, Umia, Ulla, Sar. Pasamos polas cidades e vilas de Braga, Caldelas, Campo do Gerés, Lobios, Entrimo, Castro Laboreiro, Cortegada, Ribadavia, Berán, Pazos de Arenteiro, Beariz, Soutelo de Montes, Cachafeiro, Codeseda, A Estrada, Pontevea, Santiago.



REVISTA *viarum dezae*

ANO III - Nº3 - Novembro 2023

Depósito legal: DL PO 445-2021

Coordinación, deseño e maquetación:
José Luis Rodríguez Jácome

Edita: Asociación cultural Viarum Dezae



viarumdezae@gmail.com

Alvarizas de Vilatuxe

Un paseo pola nosa tradición apícola



O Concello de Lalín é terra dunha importante e asentada tradición apícola e cun valioso patrimonio asociado a ela. O mel é o “froito da paisaxe” e a de Lalín é mestura de soutos, carballeiras, matogueiras e prados. Predomina o mel mil-flores con carrasco e queirogas, castiñeiro e silveira.

Aínda que non se coñece ningún documento no que se detalle a posesión de alvarizas ou colmeas por parte do Mosteiro de Aciveiro, sábese polo Tumbo Grande do Mosteiro que os abades ao fronte do mesmo son responsables do levantamento de muíños, fraguas, neveiras ou calzadas de pedra. Non consta ningunha referencia directa relacionada coas alvarizas, pero son numerosas as mencións á recollida de importantes foros de cera.



As alvarizas son construcións ergueitas en cachotería con sixtos labrados en bloques de pedra e lousas. As pedras están asentadas en seco con lascas. A maioría presenta unha planta circular ou ovalada. Son menos as de planta rectangular.

Na parte superior ou coroa sobresa unha viseira ou beiril asentada sobre os fortes muros e que forma un notorio saínte para a parte exterior. A función do beiril sería dificultar o escalo dos osos cara o interior onde están os cortizos das abellas.

A porta tende a ser de pequenas dimensións, aínda que na maioría dos casos supera o metro de ancho e de altura, con soleira, columnas e lintel en pedra de bloque de sixto agás algunhas de granito. As portas están feitas con grosos taboleiros de carballo.



Roteiro de Goiás

Un percorrido por unha parroquia histórica



O domingo día 12 de marzo de 2023, e dentro do mes do Cocido, Roteiros de Lalín en colaboración co Concello de Lalín, organizou o Roteiro de Goiás no que participaron 90 persoas.

Esta andaina é a ruta XX dos Roteiros de Lalín. Trátase dun percorrido circular con saída e chegada na Praza da Igrexa de Lalín e que pasa polo Paseo do Río Pontiñas, o Monte da Pena, as mámoas do Campo do Malato, a Igrexa Románica de Goiás, Pareizo, Xaxán e García Sánchez, para logo finalizar en Lalín. Neste Roteiro pódese coñecer boa parte da historia e do patrimonio desta parroquia.

En varios puntos do percorrido o antropólogo Xoán Carlos García Porral, que é veciño e gran coñecedor de Goiás, explicounos en detalle varios aspectos sobre a casa reitoral, a Igrexa románica, as Cruces carlistas e outras moitas curiosidades que enriqueceron e amenizaron o percorrido que realizamos. O Roteiro de Goiás é un itinerario co que esperamos poder seguir traballando para completar a súa sinalización.



Catro son as cruces de pedra que existen na actualidade referidas a supostas matanzas acontecidas en Goiás: a da Reboira, a das Abilleiras, a do Ballote e a de Casas Novas. Cando se lle pregunta aos veciños responden dicindo que onde hai estas cruces houbo asasinatos. Os feitos poden verificarse co libro de defuncións parroquial e situarse no contexto da primeira guerra carlista (1834-40).



Grazas á xentileza dos seus actuais propietarios, poidemos visitar o Pazo de García Sánchez. Esta casa fidalga tivo a súa orixe a mediados do século XVI. O seu máximo esplendor acadouno con Cristóbal Gundín Salgado que foi escribán e mordomo do Conde de Lemos. Un dos seus fillos, Amaro Gundín foi cura de Catasós a comezos do século XVII e posteriormente de San Miguel de Goiás (1610-1649), onde fundou a capela funeraria da casa, na que se atopa a súa sepultura con estatua orante.



Sendeiro de Zobra

Distancia 18,50 km Duración 6 horas

Dificultade alta Percorrido circular



Sendeiro de Zobra

Unha ventá aberta a horizontes esgrevios

O sendeiro de Zobra percorre toda a parroquia que ten nove lugares (Acevedo, Portela, Trigueira, Portomartín, Cabana, Ameixedo, Liñeiras, Chedas e a propia Zobra), espallados en 22,5 km cadrados cun marcado carácter montañoso.

A parroquia de Santa Mariña de Zobra sitúase no extremo sur do Concello de

Lalín. Pola súa situación orográfica e o seu illamento case secular, estivo por moito tempo esquecida. Porén, nestes últimos anos, Zobra está a recuperar o protagonismo que lle corresponde.

Contan os máis vellos que despois da guerra civil en Zobra non houbo fame. As minas de estaño trouxeron progreso e

aventura para aqueles que se adicaron ao estraperlo. Hoxe en día as casas dos mineiros recuperadas son apartamentos de turismo rural. Aínda quedan restos das infraestruturas feitas para a explotación das minas, hoxe sen actividade, como a presa que surtía de electricidade e outras edificacións.

O sábado día 15 de abril de 2023 recibimos en Lalín aos compañeiros de Rutas a Pié que nos visitaron dende Santiago e percorremos este Roteiro con eles.



ruta XI

Camiño do Corpiño


roteiros de Lalín - viarum dezae



Santuario do Corpiño



Santa Baia de
Losón



Castro de
Losón



Brenzos de abaixo



Sanmartiño



Carballeira
de Agrazán



San Xoán de
Anzo



Pazo de Anzuxao



San Adrao de
Madriñán



Santa María de
Noceda



Vilar do río



Muíño de Cuíña



Devesa de
Liñares



Pazo de Liñares



CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Cultura e Turismo
www.lalin.gal



Camiño do Corpiño

Unha ruta mariana que se consolida

Pablo Romeo, José Luis Rodríguez, Cecilia Sanmartín, Don José Criado e Daniel González Alén presentaron o primeiro monolito deste percorrido.


O Camiño do Corpiño é a ruta que seguen os romeiros ata o Santuario do Corpiño. O itinerario que sinalizamos pasa ademais polas igrexas de Noceda e Madriñán, a capela das Mercedes e a igrexa de Anzo, e tamén pola de Santa Baia de Losón. Igualmente esta ruta conmemora o percorrido que seguiu a comitiva fúnebre do

aviador Loriga dende o Pazo de Liñares ata a igrexa de Santa Baia de Losón, onde recibiu inicialmente sepultura, e onde están soterrados moitos defuntos da casa de Liñares. Esta ruta destaca pola arquitectura civil e

relixiosa, polo patrimonio arqueolóxico e etnográfico, e a nivel gastronómico pola excelente produción agroalimentaria da contorna.

O domingo día 11 de xuño de 2023 voltamos a realizar este percorrido sendo a actividade unha vez máis un rotundo éxito pois xuntamos a case cento cincuenta persoas. Tivemos a colaboración da Asociación Bolarqueiros de Noceda para inaugurar o primeiro monolito do percorrido e tamén a de Casa Sanmartín onde degustamos a famosa e espectacular ración de callos.





Camino Lebaniego.

Atravesando a Cantabria infinita.



O Camiño Lebaniego discorre entre San Vicente de la Barquera e o mosteiro de Santo Toribio, atravesando os municipios de San Vicente de la Barquera, Val de San Vicente, Herrerías, Lamasón, Peñarrubia, Cillóriga, Potes y Camaleño. Ofrece ao peregrino un percorrido por paraxes naturais de gran beleza, con vistas aos Picos de Europa, e por elementos do patrimonio arquitectónico de Cantabria. Permite unir os Camiños do Norte (ou da Costa) e o Francés. O Camiño Lebaniego posúe unha credencial específica e un documento acreditativo da peregrinación, chamado a Lebaniega.

O Camiño Lebaniego ten unha distancia total de 72 quilómetros e nós fixémoslo en tres etapas:

1. S Vicente de la Barquera-Cades 28,5km
2. Cades - Cabañes 30,2 km
3. Cabañes - Santo Toribio 14 km





Sen dúbida para Roteiros de Lalín completar o Camiño Lebaniego foi unha auténtica aventura. Un desafío organizativo e un gran reto polo esforzo físico que a empresa requería. Foron tres días intensos de sendeirismo:

A primeira etapa colleunos frescos e ten un tramo levadeiro a carón do río Nansa pero ao final houbo que subir dende o val para rematar en Cades.

A segunda etapa foi trementamente dura. Ascenso á Collada de la Hoz. Descenso ao fermoso pobo de Cicera. Logo preciosa e dura subida para remontar o desfiladeiro da Hermida. Longo descenso a Lebeña e subida durísima e interminable ata Cabañes.

A terceira e derradeira pasaba por Potes e tiña a chegada en ascenso ata o Santuario de Santo Toribio de Liébana.



Serra de Ancares

Ascenso ao cumio do pico Miravalles





Outro dos grandes retos que afrontamos con éxito no ano 2023 foi o ascenso ao Pico Miravalles na Serra dos Ancares.

O Miravalles (1966 m) é o segundo cumio máis alto dos Ancares só por detrás do Cuíña. Fixemos o ascenso dende a aldea leonesa de Tejedo de Ancares (960 m) e rematamos o percorrido en Porto Ancares.

O itinerario en constante ascenso permite disfrutar da paisaxe espectacular da serra. Na parte inicial da ruta o percorrido é doado de seguir co apoio do gps, pero os últimos metros da subida costou máis facelos pois nótase a altitude e o camiño pérdese, sendo o cumio a principal referencia.

Sen dúbida foi unha experiencia marabillosa levar a bandeira de Roteiros de Lalín ata o cima e disfrutar do logro conseguido.

Roteiros de Lalín na Serra do Courel

Devesa da Rogueira





Courel dos tesos cumes que te ollan de lonxe, eiquí síntese ben o pouco que é un home. Estes versos do poeta Uxío Novoneira ilustran ben a grandeza da Serra do Courel. E un ano máis os Roteiros de Lalín rendemos pleitesía a esta marabillosa terra esgrevia e chea de vida. Percorremos a ruta da Devesa da Rogueira. Xa hai anos que fomos por alí, pero sempre gusta rutar por esa xoia natural.

Fixemos o itinerario circular do PR G 222 partindo da Aula da Natureza en Moreda. Subimos polo val do rego da Rogueira, chegamos ata o mirador do Piolín e completamos o ascenso ao Formigueiros.



O pico Formigueiros con 1639 m de altitude é o maior cumio da Serra do Courel. Aos seus pes está a Devesa da Rogueira, un dos maiores tesouros naturais de Galicia, formada por centos de especies de flora e fauna autóctonas.

**ETAPA 1****17 km**

Foron 17 km despois de facer noite en Braga. Saímos da área urbana. Moita carretera e tráfico. Pasamos pola igrexa de San Frutuoso e polo Mosteiro de Sao Vento. Final en Caldelas.

**ETAPA 2****26 km**

Ao pouco de saír de Caldelas chegamos ao embalse do río Homen e entramos de cheo na Geira. Van aparecendo os miliarios. Imos pola vía romana coma se o tempo se detivese hai dous mil anos. Fermosa paisaxe por tramos debaixo do arboredo. Unha marabilla.

**ETAPA 3****22 km**

Seguimos pola esgrevia paisaxe da serra do Gerés. Imos pola Geira vendo máis miliarios a carón do río Home e as súas fervenzas. Subimos a Portela do Home e entramos en Galicia. Descendemos a Río Caldo coa mansio e termas. Seguimos e afrontamos outra subida e finalmente chegamos a Lobios.

ETAPA 4**20 km**

Saímos de Lobios. Pasamos por Entrimo. Imos en ascenso ata pasar a Portugal. Paisaxe de serra e penedos. Final en ascenso con forte calor ata chegar a Castro Laboreiro.



E así quedaron percorridos os 239 quilómetros do Camiño a Santiago da Geira e dos Arrieiros en dez fermosas etapas dende Braga a Santiago de Compostela. O máis importante non é chegar ao destino senón saber disfrutar e compartir o Camiño. En Roteiros de Lalín eso sabémolo facer moi ben. Moitas grazas a todas as persoas que participaron e colaboraron. Ultreia.



O número 3 da revista *viarum dezae* imprimiuse grazas á axuda outorgada polo Concello de Lalín dentro da convocatoria de subvencións para actividades culturais do ano 2023.

CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Cultura e Turismo
www.lalin.gal